

TEATRO CALAVERA PRESENTA...



# AQUELARRRE CHISPUM



Teatro  
Calavera



## SINOPSE

A bruxa Morgana (que fai o que lle dá a gana) e o seu fiel vasalo, o corvo Cru, van facer un auténtico aquelarre con bruxas e outras diversas personalidades monstruosas.

Queren festexar como se merece a noite de Samaín pero como anfitriño, a bruxa Morgana non é a mellor... non é que teña a casa requetechea de teas de araña (que por suposto), nin que sexa un pouco cascarrabias de máis (que tamén). O peor é o seu cheiro, cheira tan mal que pode deixar a calquera inconsciente.

Cando os monstros convidados comezan a chegar, non son tal como Morgana esperaba... son máis pequenos do habitual e se o seu fociño de bruxa non a engana... Ulen a nenas e nenos!

Isto desatará a súa furia e torturará aos convidados a través de retos, conxuros e artimañas nas que as participantes terán que demostrar as súas habilidades monstruosas... Por sorte Cru, será un comodín amigo non só para que o público saia san e salvo da casa da bruxa, se non que ademais o pasen xenial mentres tanto.

Espectáculo participativo con animación musical.

## FICHA ARTÍSTICA

DIRECCION Marian Rei

ELENCO: Marian Rei

Óskar Gáez

DURACION: 90 min

